



CONTRA A REPRESIÓN da empresa A MOBILIZACIÓN dos TRABALLADORES

Algo moi serio está a suceder en Telefónica de España e o cadro de persoal non podemos pasar por alto estes acontecementos.

Como xa todos sabemos, a empresa o 10 de agosto de 2 005 tomou a decisión de **DESPEDIR** a 10 compañeiros de xeito que a data queda diferida á data na que saia unha sentenza da Audiencia Nacional. A acusación da empresa: **PROMOVER E PARTICIPAR nunha Folga que a empresa considera ilegal.**

Pois ben, ante este atropelo, esta inxustiza, esta arbitrariedade e esta agresión, os sindicatos asinantes deste comunicado xuntámonos para buscar a fórmula que permita frear a empresa ante esta barbaridade e acordamos dirixirnos ao resto de organizacións sindicais da empresa, Comité Intercentros e a todo o cadro de persoal para organizármolos e loitar fronte a isto.

A resposta foi a seguinte:

- **CC.OO. e UXT** non responderon o escrito que lles enviamos
- O Comité Intercentros no seu pleno de febreiro non permitiu nin o menor debate nin votar a proposta, sen ningunha explicación.
- **UTS e CXT** contestaron que a resposta ten que dala o Comité Intercentros
- **STC** dixo que apoia o paro do día 9 de marzo e posteriormente valorará os seguintes.

Por outra parte, distintos Comités de Empresa como Madrid e Barcelona decidiron chamar á Folga e á Mobilización e distintas organizacións provinciais de CXT decidiron, no ámbito provincial, chamar os traballadores a parar.

Pois ben, con este panorama, agora tócanos aos traballadores e traballadoras dicir, o día 9 e os días previos nas Asembleas que se realicen, cal é a nosa opinión. Como o único punto da Folga é "**POLA RETIRADA DOS EXPEDIENTES AOS 10 COMPAÑEIROS DESPEDIDOS, TODOS ELES MEMBROS DOS COMITÉS DE FOLGA**", aquí non hai máis que dúas posíbeis decisións a tomar:

1ª.- Permanecer impasíbel ante o Conflito e permitir que a empresa actúe

2ª.- Realizar as Folgas e Mobilizacións necesarias para botar abaixo a pretensión da empresa.

Agora non hai siglas, nin bandeiras, nin cores, só hai **10 DESPEDIDOS** por pórse á cabeza das reivindicacións e unha responsabilidade compartida por parte de todo o persoal de permitirlle, ou non, á empresa levar isto a cabo.

Temos que ser conscientes todos de que se a empresa conseguise o seu obxectivo de castigar os que se poñen á fronte das loitas e as reivindicacións, a continuación o acabar cos nosos postos de traballo sería coser e cantar para a empresa. Ninguén pode ignorar que dentro dos plans da empresa está a súa liquidación para levarnos a empresas segregadas onde, de sermos un número menor de traballadores e traballadoras, poder manexarnos mellor. Temos que ter presente que as mobilizacións dos traballadores (Segregacións, T-Gestiona, T-Empresas, OSI, etc...) conseguiron parar a empresa.

Por todo isto, o **XOVES DÍA 9 DE MARZO [TOD@S](#) Á FOLGA**, de dúas horas nas últimas horas de cada quenda. E se isto non se soluciona, o **XOVES 30 DE MARZO [TOD@S](#) Á FOLGA**, tamén de dúas horas nas mesmas condicións que a do día 9 e o **25 DE ABRIL [TOD@S](#) Á FOLGA**, de 4 horas nas catro últimas horas de cada quenda.

Madrid, 1 de marzo de 2 006